

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	A ESTRADA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Mariña de Agar
<b>Dirección</b>	Lugar de Sorribas, s/n. 36685
	42.716504 -8.388079
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Santa Mariña de Agar, debido ás profundas reformas sufridas, é un templo de difícil interpretación. Nembargantes, aínda conserva, anque retocados, parte dos elementos da fábrica románica. A planta era de nave única e ábsida rectangular. Posteriormente engadíuse, na fachada setentrional da nave, unha dependencia cuadrangular de gran tamaño, a modo de capela, e na da ábsida outra, de escasas dimensións, con función de sancristía.</p> <p>A fachada occidental é resultado dunha intervención posterior, na que se reutilizaron antigos sillares. Posúe unha sinxela porta alintelada, sobre a que se abre un pequeno van cuadrangular e espadana de remate de factura moderna.</p> <p>A fachada meridional, a pesares das reformas, conserva algunhas pezas do primitivo aleiro e ocito canzorriños. Respecto ás primeiras, destacan as máis occidentais, xa que ostentan unha decoración de vástagos sinuosos, fronte ó resto, que son simplemente de cobixas en chaflán recto.</p> <p>En canto aos canzorriños, os máis abundantes son de tema xeométrico, realizados cun simple corte de proa, pero tamén hai un de modillóns e unha cabeza humana, moi erosionada. Nesta fachada ábrese un único van e, baixo éste, unha porta alintelada.</p> <p>A fachada setentrional é a que sufríu unha maior modificación, debido á edificación da capela anteriormente citada, que supuxo a pérda dunha parte importante do primitivo muro. Ó igual que a meridional, conserva tamén pezas do aleiro, algunhas decoradas con rolos, e varios canzorriños en forma de proa.</p> <p>A ábsida, que se une directamente á nave, chama a atención pola súa excesiva amplitude, o que nos hace pensar nunha prolongación posterior. Non posúe vans nin canzorriños; nembargantes, no muro meridional obsérvase un sillar de grandes dimensións, decorado cunha cruz de lazos cun círculo secante. Posiblemente se trate do lintel dunha porta, reutilizado durante as obras de reconstrucción deste muro. No testeiro da ábsida non hai ningunha antefixa, pero sí na da nave, aínda que tan só queda a figura erosionada dun carneiro recostado.</p> <p>No interior, a ábside ábrese á nave a través dun gran arco triunfal semicircular e dobrado, de factura moderna o primeiro, que voltea, sobre sendas columnas que sí corresponden á fábrica románica. Éstas son de fustes de tambores, con capiteis ornados e basas de perfil ático, elevadas sobre pequenos plintos cuadrangulares. O capitel do lado da epístola amosa dous órdes de follas picudas con pomas e dúas grandes follas nos ángulos, mentres ca súa opuesta amosa un único orde de estilizadas follas picudas, que acollen pequenas pomas. Os ábacos, ó igual que o arco triunfal, semellan ser produto dunha intervención posterior.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2

<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.romanicodigital.com
<b>Data</b>	31-07-2024

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor</a>	<a href="#">TABOADA PORTAS, FIDEL (MONEIXAS)</a>	1961	50	72
Espadana	<a href="#">Maior</a>	<a href="#">LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1902	65	159

Información completa: [Igrexa de Santa Mariña de Agar - A ESTRADA \(GALICIA\)](#)

PDF (19-06-2026)